


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
EDUCACIÓN FÍSICA
CURSO 2021.22
2º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

- 1.- Introducción páx 2
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave páx 3
- 3.- Concreción para cada estándar: páx 4
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.- Concrecións metodolóxicas páx 9
- 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizar páx 9
- 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación.....páx 10
- 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docentepáx 11
- 8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.....páx 13
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultadospáx 13
- 10.- Medidas de atención á diversidadepáx 13
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no cursopáx 14
- 12.- Actividades Complementariaspáx 14

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolucións do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

A área de Educación Física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Traballaremos as competencias clave establecidas no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología (CMCT).
- 3º. Competencia digital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociales y cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia y expresiones culturales (CCEC).

A distribución de competencias por estándar está reflectido no punto 3 da programación.

3. TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	2021_2022		
NIVEL	2º PRIMARIA	ÁREA	Educación Física (EF)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
Bloque 1: Contidos comúns en Educación Física							
EF-B1.1	2º-EFB1.1.2 - Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CAA CSC CSIEE
EF-B1.1	2º-EFB1.1.3 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC CAA CSIEE
EF-B1.2	2º-EFB1.2.3 - Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CSC
EF-B1.3	2º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA CSIEE
EF-B1.3	2º-EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo	Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CSIEE CAA CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	problemas motores.						INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CSC
EF-B1.3	2º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
EF-B1.3	2º-EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
EF-B1.3	2º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
Bloque 2: O corpo: imaxe e percepción								
EF-B2.1	2º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
EF-B2.2	2º-EFB2.2.1 - Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.		X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CAA
EF-B2.2	2º-EFB2.2.2 - Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.		X				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CSC CAA
EF-B2.2	2º-EFB2.2.3 - Iníciase no equilibrio dinámico.		X				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CSC CAA
EF-B2.2	2º-EFB2.2.4 - Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás		X				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CSC CAA CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.						
Bloque 3: Habilidades motrices							
EF-B3.1	2º-EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.		X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CSC CCEC CAA
EF-B3.1	2º-EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.		X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CSC CCEC CAA
EF-B3.1	2º-EFB3.1.3 - Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CSC CCEC CAA
EF-B3.1	2º-EFB3.1.4 - Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CSC CCEC CAA
EF-B3.1	2º-EFB3.1.5 - Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.		X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CSC CCEC CAA
Bloque 4: Actividades físicas artístico expresivas							
EF-B4.1	2º-EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións motrices.</p>	CCEC CSC CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

EF-B4.1	2º-EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CCEC CSC CAA
EF-B4.1	2º-EFB4.1.3 - Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CCEC CAA CSC CSIEE
Bloque 5: Actividade física e saúde							
EF-B5.1	2º-EFB5.1.2 - Adopta hábitos alimentarios saudables		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC CSIEE CAA
Bloque 6: Os xogos e actividades deportivas							
EF-B6.1	2º-EFB6.1.1 - Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CSC CSIEE CAA
EF-B6.1	2º-EFB6.1.2 - Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CSC CSIEE CAA
EF-B6.2	2º-EFB6.2.1 - Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CAA CSIEE CSC
EF-B6.2	2º-EFB6.2.2 - Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	CCEC CD CAA CSC
EF-B6.2	2º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CCEC CSC CAA
EF-B6.3	2º-EFB6.3.1 - Realiza				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos</p>	CSC CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	actividades no medio natural.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	
--	-------------------------------	--	--	--	---	--

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Actividade lectiva presencial.

Partirase dun enfoque globalizador no que os estilos de ensinanza favorezan a participación activa a través da procura, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará ás alumnas e aos alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións, fomentando a súa autonomía.

O xogo é un recurso metodolóxico que se utilizará para gran parte dos contidos que se traten. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar que este contido pode acercarnos ao coñecemento da cultura anglosaxona. O desenvolvemento de xogos favorecerá a adquisición de valores básicos e o desenvolvemento de competencias clave que favorezan a súa integración na sociedade.

O mando directo será un estilo empregado cando as tarefas entrañen algún risco.

Por último, o desenvolvemento da educación emocional guiará o proceso de ensinanza- aprendizaxe, tendo en conta o estado emocional de cada un dos alumnos e alumnas.

Actividade lectiva semipresencial.

A metodoloxía no caso de que a educación sexa semipresencial consistirá en subir retos, xogos... de carácter motriz a aula virtual de xeito planificado. Realizar explicacións mediante vídeos , explicacións escritas...

Actividade lectiva a distancia.

Consistirá en subir retos, xogos... a aula virtual de xeito planificado. Realizar explicacións mediante vídeos, explicacións escritas e realizar videochamadas a través de webex para ter contacto co alumnado, nunca como método para realizar clases online.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material deportivo: aros, colchonetas, pelotas.....
- Altosfalantes.
- Equipo de música.
- Dispositivos de gravación.
- Audios e videos interactivos.

6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será sistemática, continua, formativa e integradora. Terá en conta as avaliacións inicial, continua, formativa e final sen esquecer a nosa propia autoavaliación.

A avaliación ordinaria será a mesma nota da terceira avaliación ou máis alta.

Os criterios sobre a avaliación serán os recollidos no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Avaliación presencial:

O 100% da nota será a consecución total de todos os estándares que se refiren tanto a contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas, como á realización do traballo na clase e á valoración de actitudes na aula: participación, colaboración, ... Todos eles aparecen recollidos no punto 3 desta programación.

Cada estándar de aprendizaxe recollido no punto 3 terá unha porcentaxe para obter a nota final de trimestre e da materia.

Sinalamos que para a superación da materia é necesario cumprir os mínimos e se están superados, sumaremos o valor do resto de estándares traballados.

-As probas calificaránse sobre 10 puntos. Os resultados expresaránse da seguinte maneira: de 0-4 puntos –IN, de 5 puntos SU -6 puntos BE, de 7-8 puntos NO de 9-10 puntos SB.

Os instrumentos de avaliación fundamentais que se empregará neste nivel son:

Observación directa onde se recollerán en listaxes de control, rúbricas, anecdotario e diario de observación....

Tamén poderemos empregar gravacións para comprobar o grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe do alumnado.

Avaliación non presencial:

As probas poderán ser substituídas por retos, propostas motrices, xogos.... Para obter a nota da materia serán os mesmos criterios que na avaliación ordinaria presencial agás nos estándares que se refiren á participación directa e oral nas actividades de aula.

REQUISITOS DE PROMOCIÓN

1º- Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º- Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: • Aos alumnos. • Ás familias.					
Utilización de	Adóptanse medidas con antelación para coñecer					

medidas para a atención á diversidade	as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	1	Omítense elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	4	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

No caso de alumnos/as que promocionan con algunha materia pendente, cada mestre/a programará Actividades de Reforzo e Recuperación, para que este alumnado sexa capaz de acadar as competencias e os estándares propios do nivel. Levarase a cabo un traballo individualizado segundo as súas necesidades. Teremos en conta os estándares non traballados no curso anterior. Revisaremos os informes de reforzo do curso anterior dos alumnos/as.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu axeitado progreso.

9.- DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial desenvolverase no mes de setembro. Principalmente valorarase a través dun circuito ou estacións a través da observación directa as habilidades motrices básicas que ten o alumnado .

Será unha avaliación informativa para partir dos coñecementos previos do alumnado.

Despois en cada unidade didáctica realizárola, ben a través da observación directa como realizando preguntas sobre os coñecementos vinculados aos contidos a traballar.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro da diversidade de capacidades do alumnado, teremos en conta tanto as necesidades de ampliación como as actividades de reforzo.

Cando un alumno/a necesite unha ampliación poderemos aproveitar para darlle a oportunidade de aplicar a súa experiencia/ habilidade na axuda dos seus compañeiros e compañeiras, presentarlle retos con maior nivel de complexidade ou darlle a oportunidade de ser mestra/e especialista dando unha masterclass.

No caso de que o alumnado presente dificultades na adquisición de destrezas, habilidades ou comprensión das situación de xogo poderemos secuenciar unha habilidade en diferentes niveis de complexidade, simplifícalas, prestar axuda na súa realización, empregar materiais que den maior sensación de seguridade ou asignarlle un compañeiro/a que lle axude na superación dos obstáculos.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

O currículo fala exactamente, entre outras, de “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. “

Nesta materia traballaremos a :

- A comprensión lectora (explicación de xogos escritos ...) ,
- A expresión oral e escrita (explicación de xogos oral e escrito, pistas, orientación, resolución de conflitos de maneira pacífica...)
- A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación (vídeos, uso da aula virtual...)
- O emprendemento e a educación cívica e constitucional (o respecto polo uso dos materiais, emprego de materiais autoconstruídos con material de refugallo e o respecto aos espazos naturais onde realicemos actividades, promoveremos o desenvolvemento dos valores que fomentan a igualdade efectiva entre homes e mulleres: grupos mixtos.).

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Participación na carreira ENKI.
- Realización de roteiros.
- Actividades propostas polo Concello u outras entidades que fomenten a realización de actividade física.
- Visita de clubs ou asociacións culturais/deportivas para a promoción do deporte e a actividade física.